



Reunido en Lugo, en data 21 de agosto de 2017, o grupo de traballo mixto constituído en data 4 de agosto de 2017, ao abeiro do disposto nos artigos 10 e 11 da Orde do 29 de marzo de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017, coa finalidade de proceder á selección do persoal de dirección, docente, administrativo e dos alumnos traballadores do obradoiro de emprego "Cobas Xuvenil", promovido polo concello de Monforte de Lemos, advertidos erros, acorda modificar as bases para a selección dos alumnos-traballadores e do director do obradoiro :

➤ Bases para a selección dos alumnos traballadores:

As bases terceira e cuarta non están actualizadas conforme á lexislación vixente, e polo tanto quedarán redactadas como se recolle a continuación:

Terceira.- Beneficiarios

Poderán ser persoas beneficiarias participantes deste programa aquelas persoas mozas inscritas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 90.1.a da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, competitividade e a eficiencia

Cuarta.- Requisitos dos aspirantes

Os participantes no proceso selectivo, en coherencia co disposto no artigo 97 da Lei 18/2014, modificada polo Real decreto lei 6/2016, do 23 de decembro, deberán manter o cumprimento dos seguintes requisitos, con carácter previo a participar nos obradoiros de emprego:

- Non ter traballado no día natural anterior ao momento de recibir a actuación
- Non ter recibido accións educativas no día natural anterior ao momento de recibir a actuación
- Non ter recibido accións formativas no día natural anterior ao momento de recibir a actuación

Para poder participar neste programa é imprescindible cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e a aprendizaxe, co obxecto de estar vinculada mediante un contrato de tales características ao proxecto, durante toda a duración do proxecto, de acordo co previsto no artigo 11.2 e na disposición adicional segunda do Real decreto lexislati-



vo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

➤ Bases para a selección dos directores:

A base novena, méritos que se valorarán, no apartado II) Cursos recibidos, de acordo coa normativa que regula os servizos de prevención de riscos laborais, o apartado relativo ao curso básico de prevención de riscos laborais, quedará redactado como se recolle a continuación :

Curso nivel básico de prevención de riscos laborais de 30h ata 60h: 0,25 puntos

María Trinidad López Pérez

Oscar Rodríguez Pérez

Beatriz Corral Rodríguez

Francisco Quinza-Torroja García